



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000004

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO

Mércores 1 de abril de 2026

Sr. Alcalde-Presidente:

SANDRA INSUA RIAL

Sres. Concelleiros:

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

ROSA ANA BARBEIRA FANDIÑO

JESUS ROMAR CANOSA

FABIAN CANOSA PASANTES

SERGIO CAAMAÑO FERNANDEZ

BEGOÑA TAJES MENDEZ

GERMAN CAMIÑO MOUZO

ENCARNACION LIÑEIRO POUSO

GRUPO MIXTO - BNG

XURXO M. RODRIGUEZ BAÑA

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

MANUEL MEJUTO RIOS

JUAN CARLOS AMADO SAMBADE

PAULA MOUZO MAS

Escusa a súa asistencia

GRUPO MUNICIPAL POPULAR

MARTA MARIA MOUZO POSE

Secretaria:

EVA JARDÓN LÓPEZ.

Interventora:

M^aEMILIA GARCIA MANEIRO

En Camariñas, sendo as 15:30 horas do mércores 1 de abril de 2026 e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria, no Salón de Desfiles do Recinto da Mostra do Encaixe, baixo a Presidencia da Sra Alcaldesa dona Sandra Insua Rial, e asistida da Secretaria da Corporación dona Eva Jardón López, os Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, e a interventora da Corporación, dona María Emilia Garcia Maneiro, ao obxecto de celebrar **sesión Extraordinaria** .

1 / 6

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000004

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, a Sra. Alcaldesa-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é o seguinte:

ORDE DO DIA

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

ÚNICO.- SOLICITUDES/ CAMBIO DENOMINACIÓN DA AVENIDA AMBROSIO FEIJOO POR AVENIDA DAS PALILLEIRAS.

**ÚNICO.- CAMBIO DENOMINACIÓN DA AVENIDA AMBROSIO FEIJOO
POR AVENIDA DAS PALILLEIRAS.**

Consta no expediente o seguinte ditame da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno, do que a Alcaldesa da lectura:

“PROPOSTA DE ACORDO

**ASUNTO.- SOLICITUDES/ CAMBIO DENOMINACIÓN DA AVENIDA
AMBROSIO FEIJOO POR AVENIDA DAS PALILLEIRAS**

EXPEDIENTE.- 2026/X999/000112

Visto o escrito presentado por dona Sandra Insua Rial, en data 24 de marzo de 2026, rexistro de entrada 20260000000589, no que expón que “O Concello de Camariñas, no exercicio das súas competencias e en cumprimento do establecido na normativa vixente en materia de memoria democrática, promove a modificación da denominación da actual Avenida Ambrosio Feijoo, co fin de adecuar o rueiro municipal aos principios de respecto, convivencia e recoñecemento dos valores democráticos.

No marco desta actuación, propónse a nova denominación de Avenida das Palilleiras, como expresión dun recoñecemento institucional e colectivo a todas as mulleres que, co seu traballo silencioso, constante e cheo de mestría, foron e son o corazón da identidade de Camariñas. As palilleiras representan moito máis ca unha tradición artesanal: son memoria viva, son transmisión de saberes entre xeracións, son orgullo e son o símbolo máis auténtico dunha vila que soubo facer do encaixe un sinal de identidade universal. Grazas á súa dedicación e ao seu esforzo, Camariñas acadou un prestixio

2 / 6



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000004

recoñecido dentro e fóra das nosas fronteiras. Este cambio de denominación cobra un significado especialmente relevante no contexto da celebración da XXXV Mostra do Encaixe de Camariñas, unha edición histórica que honra o camiño percorrido e que pon en valor o papel esencial das palilleiras ao longo destes anos, verdadeiras protagonistas desta traxectoria colectiva. Con esta decisión, o Concello non só dá cumprimento á legalidade vixente, senón que tamén rende unha homenaxe xusta, necesaria e profundamente sentida a todas as palilleiras: ás que foron, ás que son e ás que seguirán mantendo viva esta arte que nos define como pobo.

Por todo o exposto, considérase plenamente xustificado o cambio de denominación a Avenida das Palilleiras, como símbolo de identidade, recoñecemento e compromiso coa nosa historia e co noso”

Visto o informe asinado pola secretaria do Concello, en data 24 de marzo de 2026, no que se conclúe que “(...) o expediente reúne os requisitos necesarios para o cambio de denominación proposto e procede a súa aprobación polo Pleno do Concello (...)”

Visto que no rueiro do Concello de Camariñas existe a Avenida Ambrosio Feijoo e que esta Alcaldía considera que a destacada labor das palilleiras do Concello, é merecedora dunha distinción honorífica.

Visto o disposto no artigo 140 da Constitución Española, o artigo 189 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 22.2.b) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, propoño ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Especial de Asuntos Xerais do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- *Cambiar a denominación da Avenida Ambrosio Feijoo, que pasaran a denominarse Avenida das Palilleiras.*

Segundo.- *Notificar o presente acordo aos veciños afectados.*

Terceiro.- *Dar traslado do presente acordo ao Rexistro da Propiedade, a Xerencia Territorial do Catastro, ao Instituto Nacional de Estatística, a Correos, e demais organismos que poidan resultar afectados polo cambio de denominación.*

Asinado dixitalmente en Camariñas, na data da sinatura dixital que figura ao marxe, pola Alcaldesa do Concello, dona Sandra Insua Rial.”

Dona Paula expón que eles non son partidarios de cambiar o nome as rúas, pero que para eles as palilleiras merecen o seu recoñecemento pola súa relevancia no pasado, no presente e esperan

3 / 6



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000004

que no futuro de Camariñas, e para elas as súas palabras de homenaxe e o seu voto afirmativo.

Don Xurxo pasa a ler o texto que a continuación se transcribe:

“Dende o Grupo municipal do BNG de Camariñas queremos dar os parabéns a todas as concelleiras e concelleiros que ao longo da historia das corporacións municipais de Camariñas fixeron por chegarmos a cumprir no día de hoxe co cometido de retirar a simboloxía da ditadura do noso rueiro no concello, aquela simboloxía que exaltase, persoal ou colectivamente a sublevación militar e da mesma ditadura e dos seus dirixentes e dos participantes do sistema represivo.

No pleno celebrado vai hoxe un ano así o demandamos, sendo aprobada por esta corporación a moción presentada polo BNG.

Aledámonos con emoción pois de que o goberno municipal do Concello de Camariñas hoxe veña a culminar este proceso, tamén o digo, como sempre fixo anteriormente con outros símbolos da ditadura, hoxe culmina por retirar os honores do noso rueiro a última persoa que foi participe no sistema represor.

Mais o realmente importante no pleno de hoxe e que neste día poñemos no lugar que se merecen a todas as palilleiras, mulleres que ao longo dos séculos aportaron o sustento vital as nosas economías co seu incansable repenicar dos panillos.

Mulleres que non so nos aportaron o sustento económico nos longos invernos senón que a través delas nos transmitiron o seu coñecemento, o seu arte, as súa tradición. Onde nas longas xornadas nas palilladas as mulleres tiñan un espazo de amor, sabedoría e poder das mulleres, un espazo de transmisión oral e musical que chegou ate os nosos días.

Estas mulleres palilleiras déronos non só a vida, déronos a nosa razón de ser e de sentir.

Esta fotografía, teñoa sempre presente no meu estudio, é a da miña avoa, Lola Pérez Baña.

Tróuxena a ela como símbolo de todas as nosas nais e avoas, bisavoas e tataravóas coas que chegamos a convivir e convivimos, mulleres que nos transmitiron todo o seu amor e saber.

Trouxen a miña avoa que fixo que a melodía da miña infancia fora o intenso repenicar deses panillos.

Sirva LOLA como lembranza a elas TODAS.

Xa por último quero transmitir a nosa ledicia porque a nosa rapazada, que son o noso presente e o noso futuro, teñan a todas estas mulleres como os auténticos referentes nas nosas rúas dos que me sinto e nos sentimos todas e todos os aquí presententes realmente orgullosos.

Vaia por diante, que o noso voto no día de hoxe e sen ningún tipo de dúbida é a favor da denominación desta rúa como AVENIDA DAS PALILLEIRAS.

Moitas grazas”.

A Alcadesa remata lendo o seguinte texto:



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000004

“Grazas aos voceiros e voceiras dos distintos grupos municipais polas súas intervencións.

Hoxe, máis alá das lexítimas diferenzas políticas que poidan existir neste salón de plenos improvisado, creo que todas e todos os que estamos aquí compartimos un sentimento unánime: o orgullo profundo polas nosas raíces.

Quero dirixirme especialmente a vós, ás palilleiras que hoxe nos acompañades neste recinto e que sodes a verdadeira alma deste pleno histórico.

Durante séculos, o voso traballo foi silencioso, moitas veces invisible e case sempre feito de portas para dentro, á luz dunha candeia ou á beira da xanela. Pero con eses palillos, con eses piques e con ese fío, non só axudastes a sacar adiante ás vosas familias nos tempos máis duros; axudastes a levantar Camariñas. Vós puxestes o noso nome no mapa do mundo.

Cambiar a denominación da actual Avenida Ambrosio Feijoo por Avenida das Palilleiras é moito máis que un trámite administrativo. É moito máis que dar cumprimento á Lei de Memoria Democrática. É un acto de xustiza histórica, de dignidade e de reivindicación feminista.

A partir de hoxe, unha das principais rúas do noso pobo levará o voso nome. E cando as nosas nenas e nenos paseen por ela, cando vexan esa placa, saberán que a verdadeira grandeza e a historia de Camariñas escríbese en feminino.

Facelo hoxe, neste marco incomparable, rodeadas dos vosos e a piques de abrir as portas da trixésimo quinta edición da nosa Mostra do Encaixe, faille xustiza ao camiño que percorremos xuntas.

Grazas, palilleiras, por ser o corazón que fai latexar este pobo”.

Non habendo mais intervencións, procédese á votación co seguinte resultado.

Votación

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

EXPTE. 2026/G010/000004

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado: Aprobada

A Alcaldesa di que sen máis asuntos que tratar, damos por pechado este pleno extraordinario. Convídvos agora a todas e a todos a continuar co acto oficial de inauguración da XXXV Mostra do Encaixe de Camariñas Deputación da Coruña, o lugar onde o fío se converte en arte. Moitas grazas a todos. Levántase a sesión, sendo as 15:39 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e certificado.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria do Concello, dona Eva Jardón López, co visto e praxe da Alcaldesa, dona Sandra Insua Rial.